



## CONVENIO DE COLABORACIÓN SOCIAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, o nove de novembro de dous mil vinte e un.

### REUNIDOS

Dunha parte D. XOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO con NIF 33210650F, na súa calidade de alcalde - presidente do Concello de Santiago de Compostela, en exercicio das facultades que lle outorga o artigo 124 da *Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e asistido polo secretario xeral do goberno municipal, D. José Manuel González García

Doutra parte D. FRANCISCO JOSÉ RABUÑAL MOSQUERA, con NIF 33261228P en nome e representación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, na súa condición de Decano

### MANIFESTAN

A exposición de motivos da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas* (en adiante LPAC) recolle: “A tramitación electrónica debe constituír a actuación habitual das Administracións. Porque unha Administración sen papel baseada nun funcionamento integralmente electrónico non só sirve mellor aos principios de eficacia i eficiencia, ao aforrar custes aos cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías dos interesados”.

O artigo 96 da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria* (en adiante LXT), xa prevía na súa redacción orixinal do ano 2003 o emprego de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

A alínea 2 do artigo 3 da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria*(LXT), establece que a aplicación do sistema tributario se baseará, entre outros, no **principio de limitación de custos indirectos derivados do cumprimento de obrigas formais**. A diminución das cargas indirectas que o cumprimento das obrigas tributarias leva aparelladas, ademais de constituir un imperativo legal, responde ao propósito permanente da administración tributaria do Concello de Santiago de Compostela de acadar maiores cotas de eficacia na xestión tributaria que ten encomendada.

A **colaboración social na xestión dos tributos**, establecida no artigo 92 da LXT implica a participación activa das entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais, para facilitar e favorecer o cumprimento das obrigas tributarias por parte dos contribuíntes.

Ademais, a alínea 4 do artigo 46 da LXT, ao regular a representación perante a administración tributaria, permite potenciar de maneira más eficaz a colaboración social na xestión tributaria, ao posibilitar que o poder outorgado ao colaborador social non lle sexa entregado á administración tributaria, senón que poida ser mantido por aquel a disposición desta. A administración poderá requirirlle en calquera momento, a acreditación da dita representación.



A ampliación das posibilidades de actuación por vía telemática en representación de terceiras persoas á “presentación e remisión á administración tributaria de autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria, previa autorización dos obrigados tributarios” (artigo 92.3 e) da LXT); as posibilidades de uso e utilización das novas tecnoloxías no ámbito tributario ao servizo do contribuínte; así como conveniencia de estender a colaboración externa ás distintas figuras tributarias; aconsella o emprego da colaboración social neste ámbito dun modo unitario e amplio.

A administración tributaria do Concello de Santiago de Compostela fai efectiva dita colaboración social a través da celebración deste convenio de colaboración co Colexio Oficial de Avogados de Santiago de Compostela establecendo, por un lado, os suxeitos da colaboración social na xestión dos tributos e, por outro, as materias ás que se pode estender a colaboración.

## ACORDAN

### Primeiro.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer un sistema de colaboración entre a administración tributaria do Concello de Santiago de Compostela e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela polo que:

O Concello impulsa a utilización das novas tecnoloxías no ámbito tributario poñendo en marcha na SEDE (<https://sede.santiagodecompostela.gal>) un sistema de xestión tributaria en web para a totalidade dos ingresos municipais.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela adquire a condición de colaborador social podendo, en representación de terceiras persoas, presentar e remitirte telematicamente ao Concello autoliquidacións, declaracións, e calquera documento con transcendencia tributaria, previa autorización do obrigado tributario.

### Segunda.- O Colexio e os avogados colexiados.

O convenio de colaboración asinado coa institución e organismo poderá estender os seus efectos ás persoas ou entidades que sexan colexiados, asociados ou membros daquela. O Colexio fomentará a adhesión dos colexiados que o desexen.

Cada avogado colexiado deberá asinar un documento individualizado de adhesión ao convenio, que recolla expresamente a aceptación do contido íntegro deste (ANEXO I).

A tramitación da adhesión iniciarase mediante solicitude dirixida ao presidente do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (ANEXO I). Realizadas as oportunas comprobacións o Colexio mediante o correspondente trámite electrónico dará traslado ao Concello do documento de adhesión convenientemente validado. Coa toma de razón polo Concello do trámite electrónico do Colexio -que recolle o documento de adhesión validado- o avogado será dado de alta como colaborador social na aplicación de ingresos da plataforma de administración electrónica do Concello.

A tramitación da baixa na adhesión realizarase tamén mediante comunicación do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela. A tal efecto o Colexio levará o



control dos colexiados adheridos ao convenio para comunicar a baixa no colexio dos profesionais adheridos.

#### Terceira.- A representación.

As persoas ou entidades que realicen actuacións das comprendidas neste convenio perante a administración tributaria do Concello de Santiago en representación de terceiras persoas deberán ostentar a súa representación, nos termos establecidos no artigo 46 da *LXT*. A administración tributaria local poderá requisir, en calquera momento, a acreditación da dita representación. A falta de representación suficiente das persoas en nome das que se tivera presentado a documentación dará lugar á esixencia das responsabilidades que resultan procedentes.

#### Cuarta.- Seguridade.

Os sistemas de identificación e firma serán os vixentes en cada momento, na actualidade os previstos na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

#### Quinta.- Protección de datos de carácter persoal.

As persoas ou entidades que abrangue este convenio deberán cumplir os requisitos que para o **tratamento automatizado de datos de carácter persoal** se esixen na *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos digitais*, e demais normativa aplicable.

#### Sexta.- Incumprimento.

O presente convenio obriga as partes que o asinan a prestarse a adecuada colaboración para conseguir o mellor logro dos fins que se perseguen.

O incumprimento das obrigas asumidas polas entidades, institucións e organismos que teñan subscrito o convenio de colaboración para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios en representación de terceiras persoas suporá a resolución do citado convenio, previa instrución do oportuno expediente e con audiencia do interesado. A administración tributaria deberá notificarlle a dita resolución consonte cos medios previstos no ordenamento xurídico, sen prexuízo da posibilidade de exercer as accións legais oportunas.

O incumprimento por parte dunha persoa ou entidade das obrigas asumidas no documento individualizado de adhesión ao que se refire a cláusula segunda deste acordo suporá a súa exclusión do convenio, quedando revogada a súa autorización individual, co procedemento e garantías antes sinalados.

#### Sétima.- Comisión mixta.

No prazo dun mes, crearase unha comisión mixta de seguimento da aplicación e desenvolvemento deste convenio, da que formarán parte dous representantes de cada institución.

A comisión mixta, reunirse, como mínimo unha vez ao ano, co obxecto de:

- Sinalar anualmente as actuacións concretas a realizar en aras a conseguir a efectividade deste convenio.



CONCELLO DE  
SANTIAGO

- O seguimento do grao de cumprimento das previsións e dos criterios establecidos pola comisión mixta
- O tratamento e estudio de calquera tema relativo ao ámbito de aplicación deste convenio que as dúas partes consideren de interese.
- A avaliación anual das actuacións realizadas e os resultados obtidos.

Oitava.- Duración do convenio.

Este convenio terá unha vixencia de dous anos a partir da data da sinatura, entendéndose prorrogado automaticamente por idéntico período, agás que sexa denunciado por calquera das partes con un mes de antelación á data de finalización.

Novena.- Régime xurídico aplicable.

Sen prexuízo da aplicación da normativa xeral relativa aos convenios recollida nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público, resultará de aplicación con carácter específico o artigo 96 da lei 58/2003 de decembro Xeral Tributaria (en adiante LXT) e a lexislación de desenvolvemento, recollida nos artigos 79 a 91 do Real decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación de los tributos.

Décima.- Anexos.

Recóllese como anexo I a Solicitud de adhesión dirixida ao presidente do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (ANEXO I).

Mediante o trámite electrónico o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela validación o documento de adhesión

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan este convenio por duplicado no lugar e data sinalados.

D. XOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ BUGALLO

D. FRANCISCO JOSÉ RABUÑAL MOSQUERA

D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA



## ANEXO 1 - DOCUMENTO DE ADHESIÓN

### CONVENIO DE COLABORACIÓN SOCIAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Con data ..... de ..... o de dous mil vinte e un o Concello de Santiago de Compostela e o Colexio Oficial de Avogados de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración social en materia tributaria.

Coa sinatura deste documento, D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e número de colexiado \_\_\_\_\_, na súa calidade de \_\_\_\_\_, adhírese ao citado convenio e acepta todas as condicións e termos que se establecen nel.

(Lugar e data da sinatura)